Andando por Bergantiños

PARROQUIAS DE COUSO, FERREIRA E SEAVIA 16



José AntonioAndrade Figueiras
Fernando Cabeza Quiles
Evaristo Domínguez Rial
Xan X. Fernández Carrera
Antón García Losada
Luís A. Giadás Álvarez
José Pumar Gándara
Martín Rabuñal Andrade

INSTITUTO DE ESTUDOS BERGANTIÑÁNS


Malpica
Barizo
Vilanova
MALPICA DE BERGANTIÑOS
Mens
Niñóns
Cerqueda
Cambre
Buño
Leiloio
Corme-Porto
Corme - Aldea
Brantuas
Cores
Nemeño
A Graña
Pazos
PONTECESO
Cospindo
Tella
Tallo
Xornes
Langueirón
Anllons
Corcoesto
Esto
Cereo
Verdes
Canduas
Laxe
Soesto
Serantes
Casullas
CABANA
Borneiro
Cumbrins
Silvarredonda
Valenza
San Xusto
Xuviña
Oca
LAXE
Sarces
Traba
Nande
Riobó
CORISTANCO
Castro
Coristanco
Traba
Anos
Nantón
Agualada
Ferreira
Erbecedo
Couso
Seavia
Cuns
Razo
Lema
Rebordelos
Caión
Noicela
Vilela
Lendo
Oza
Lemaio
Torás
Cabovilaño
Lestón
Erboedo
Coiro
Cances
Bértoa
Goiáns
LARACHA
Vilaño
Golmar
Soutullo
Soandres
Berdillo
Sisamo
Carballo
CARBALLO
Artes
Sofán
Montemaior
Ardaña
Rus
Aldemunde
Entrecruces



PARROQUIAS DE

COUSO, FERREIRA E SEAVIA

José Antonio Andrade Figueiras
Fernando Cabeza Quiles
Evaristo Domínguez Rial
Xan X. Fernández Carrera
Antón García Losada
Luís A. Giadás Álvarez
José Pumar Gándara
Martín Rabuñal Andrade

PORTADA:
Imaxe medieval da Virxe dos Petoutiños que se conserva na parroquia de Ferreira

MAQUETACIÓN **Evaristo Domínguez Rial**

MARCO XEOGRÁFICO:

SITUACIÓN

Couso, Ferreira e Seavia sitúanse no centro-sur do concello de Coristanco e da comarca de Bergantiños, no seu límite meridional coa comarca do Xallas. A superficie conxunta das tres parroquias é de 41,7 Km² (algo máis do 30% do municipio) e adopta a forma aproximada dun plano rectangular inclinado cara ao norte, de 7 Km de lonxitude de sur a norte e 6 Km de leste a oeste; a parte oriental deste rectángulo ocúpaa Seavia (23,30 Km²) e a parte occidental do mesmo repártese entre Couso (13,1 Km²) e Ferreira (5,3 Km²), o límite entre estes dous sectores discorre ao oeste da estrada de Coristanco a Santa Comba e case paralelo a ela.



Vista xeral das parroquias de Couso e Ferreira

Partindo da capital do concello na C-552, accédese a San Mamede de Seavia collendo a estrada que vai de Traba a Rus e desviándose á dereita por Buxán (2,8 Km). O acceso á parte alta da parroquia realízase a través da estrada de Santa Comba que pasa polos lugares da Rabadeira (6,1 Km) e das Salgueiras (9,9 Km). Desde A Rabadeira, unha pista pola dereita conduce, polo lugar de Pereiras, á igrexa de San Miguel de Couso (4,3 Km); desde aquí á igrexa de Ferreira hai 4,1 Km. A esta última parroquia tamén se accede desde a Agualada (3,9 Km) ou desde Figueiras (1,6 Km).

RELEVO

Como xa dixemos, as parroquias de Seavia, Couso e Ferreira aséntanse nunha superficie rectangular, inclinada e escalonada cara ao norte, que enlaza a chaira do Xallas, unha superficie aplanada que se desenvolve arredor dos 400 m de altitude, cun nivel inferior, por debaixo dos 300 m, drenado e modelado polos afluentes do Anllóns neste sector: trátase, na acertada expresión popular, da Alta e a Baixa de Bergantiños. O salto entre ambas prodúcese a través dunha ladeira, máis inclinada en Couso e máis suave cara o leste, en Seavia.

A Alta esténdese polo sur das parroquias de Couso (A Ribela, O Vilar, Esternande, A Furoca e Ventoso) e de Seavia (O Campelo, As Salgueiras e Mira).

O seu relevo presenta unha acusada horizontalidade, o que xunto coa impermeabilidade das rochas básicas (macizo de gabros de Monte Castelo e arco de anfibolitas que o circunda) favorece a formación de brañas con importantes depósitos turbosos, sendo a máis extensa delas a Lagoa de Alcaián ou Braña Rubia, entre O Campelo e Mira, en Seavia. Estes terreos drenan augas ao río Xallas a través do río de Esternande e do río de Mira.

A Baixa esténdese en suave pendente cara ao val do Anllóns e desenvólvese en dous tramos separados polo Monte da Rabadeira. O máis occidental deles ou val do río da Rabuxenta (Baixa de Couso, Ferreira e Nogueira) ábrese de sur a norte, con aproximadamente 4 Km de fondo, desde Pereiras (Couso) a O Piñeiro (Ferreira) e ten arredor de 3 Km de ancho entre a Costa do Carrizal e o Monte da Rabadeira. Comprende as terras baixas de Couso e de Ferreira e as de Seavia situadas ao oeste da Rabadeira. O río da Rabuxenta (curso alto do Río Vao, que desemboca no Anllóns á altura de Verdes) discorre polo lado dereito do val, serrando a súa canle nun substrato rochoso formado por unha asociación de rochas básicas e ultrabásicas (anfibolitas, peridotitas, serpentinitas, piroxenitas) que ofrecen bastante resistencia á erosión, o que provocou un certo encaixamento do seu curso e a presenza de outeiros residuais a ambos lados do mesmo como o Cotón de Ferreira, desde o que Pondal viu e soñou Bergantiños::

"Ben te vexo Bergantiños,
desde o alto de Ferreira,
cos teus trigos e os teus pinos"

Pola contra, o sector occidental do val, modelado sobre xistos e gneises, menos resistentes, presenta un relevo máis aberto e suave. Este modelado diferencial explica igualmente a asimetría que se observa no val respecto á canle do río e, así mesmo, condiciona a calidade e uso dos seus terreos; de feito a maior parte das terras de cultivo e dos lugares da Baixa de Couso e de Ferreira sitúanse no sector occidental do val.




Val de Seavia

O tramo oriental da Baixa comprende o norte da parroquia de Seavia, ao leste do Monte da Rabadeira; trátase dunha ladeira con pouca pendente, de aproximadamente 3 Km de fondo por 3 Km de ancho, inclinada cara ao NE e drenada polo Rego de Segufe-Rego da Balsa, que desemboca no Anllóns á altura de Oca e o Rego de Amboade-Río Porto da Presa que desemboca no río Grande en Ardaña. Igualmente é esta zona na que se dan as mellores terras agrícolas de Seavia e a máis poboada.

O salto entre a Alta e a Baixa, entre os 400 m e os 300 m, ten lugar a través dun talude ou valeón que presenta unha pendente bastante acusada na parroquia de Couso, constituíndo a cabeceira dos regatos que forman o río da Rabuxenta e dando un val pechado arredor do lugar de Pereiras, no curso alto deste río. En Seavia a transición entre a Alta e a Baixa prodúcese a través dunha ladeira menos abrupta que, igualmente, constitúe a cabeceira dos regatos que dan lugar aos cursos do Rego da Balsa e do Río do Porto da Presa. Xa que logo as alturas que, nunha vista panorámica, bordean polo sur as parroquias de Couso e Seavia, e en xeral a comarca de Bergantiños, correspóndense con este salto de falla entre A Alta e A Baixa.

Os terreos de Seavia, Couso e Ferreira forman parte de dous mantos de corremento, de disposición concéntrica, que se emprazaron sobre materiais autóctonos durante a Oroxenia Hercínica, a finais do Paleozoico. Estas estruturas coñécense como Complexo de Ordes e Unidade de Santiago.

O Complexo de Ordes comprende dúas orlas concéntricas: A Unidade Betanzos-Arzúa que inclúe os gabros do macizo de Monte Castelo co arco de anfibolitas que o circunda polo oeste e a Unidade Bazar-Castriz, bordeando á anterior, e na que afloran, tamén, rochas básicas e ultrabásicas serpentinizadas.



Mapa xeolóxico

A parroquia de Seavia esténdese pola primeira destas unidades, mentres que a segunda, seguindo o curso do Rego da Rabuxenta, aflora nos límites de Couso e Ferreira con Seavia. As rochas deste sector, principalmente gabros e anfibolitas, presentan cor escura e un baixo contido en cuarzo. Os gabros como mineral accesorio conteñen ilmenita que é a mena máis importante do titanio, por iso nos anos cincuenta e sesenta se explotaron as brañas da zona nas que se encontraba diseminada a ilmenita. Para separar o mineral negro, duro e resistente había que someter a lavado as areas recollidas nestas brañas ("MIDUSA" Minas del Dubra, S.A. en Anxeríz ou "MINS" na Revolta, en Carballo, foron plantas de lavado de titanio). O sector occidental de Couso e Ferreira pertence á Unidade de Santiago, unha banda,duns 2 Km de ancho nesta zona, na que afloran diferentes tipos de metasedimentos, principalmente xistos e gneises con anfibolitas intercaladas. Trátase en xeral de rochas de cores máis claras, con cuarzo na súa composición e cos minerais dispostos en capas (xistosidade) ou en bandeado (no corte do terreo que se realizou a carón da igrexa de San Miguel de Couso para facer un aparcamento vense ben o tipo de xistos que afloran nesta zona). Finalmente, nos montes que separan Couso de Cuns aflora o macizo de Varilongo, unha intrusión de granitos de dúas micas.

CLIMA E VEXETACIÓN

O clima de Seavia, Couso e Ferreira sitúase no dominio occidental-húmido (o mesmo que o resto da comarca) e presenta moi poucas diferenzas respecto ao xeral da rexión. Tomando como referencia os datos da estación meteorolóxica de Río do Sol (un pouco máis ao leste, na veciña parroquia de Erbecedo), podemos dicir que a temperatura media anual anda polos 12ºC, sendo agosto o mes máis quente con 16,6ºC de media e xaneiro o máis frío con 6,7ºC. As precipitacións, sobre todo na Alta, máis exposta ás frontes oceánicas que penetran polo oeste, sobrepasan os 1500 mm anuais. En canto a potencialidade do clima para o desenvolvemento e produción das especies vexetais –limitada polo frío (duración do período libre de xeada) e a seca (duración do período de déficit hídrico)-a Alta sitúase na "subrexión fresco/húmida de potencialidade moderada e a Baixa na "subrexión tépeda-subhúmida" de alta potencialidade.

Exceptuando os solos que amosan condicións de enchoupamento próximo á superficie, os terreos desenvolvidos sobre rochas básicas, como é o caso de boa parte dos das tres parroquias, son considerados actualmente como de elevada aptitude agronómica dentro do contexto galego. Isto é consecuencia de varios aspectos, por unha parte, trátase de solos profundos e de textura equilibrada, é dicir con alta capacidade de retención de auga; por outra, ao posuír maior proporción de arxila que os solos derivados de rochas graníticas



Vista do val de Couso, desde o Cotón de Ferreira

teñen máis capacidade de reter elementos como o calcio, o magnesio e o potasio aportados polos abonos, de modo que aínda que a pluviosidade xogue un importante papel de lavado, a proporción de bases no complexo de cambio é algo superior que naqueles e o seu pH algo menos ácido, co que non son tan negativos os efectos do aluminio. Estes solos son recoñecibles por presentar unha coloración pardo-amarelenta ou avermellada ("roxa ó arar", en palabras de Pondal).

En Seavia, Couso e Ferreira os bosques naturais, as carballeiras, desapareceron, só quedan algúns exemplares nos valados ou asombrados entre eucaliptos ou piñeiros. Só na beira dos regatos quedan restos do bosque de ribeira, con ameneiros e salgueiros como especies dominantes. Hoxe en día os montes das tres parroquias e, tamén en boa medida, as leiras e prados abandonados, aparecen cubertos de piñeiros e, sobre todo, de plantacións de eucaliptos, sendo a máis extensa a realizada pola empresa madeireira NORFOR, do grupo ENCE, no antigo Monte dos Frades, agora Finca Santa Ana, ao sur e suroeste de Nogueira.

Unha formación propia das chairas da Alta son as brañas, vocablo que designa terreos pantanosos, lamas, prados enchoupados, turbeiras e incluso as landas máis húmidas. A vexetación das brañas depende fundamentalmente do grao de humidade do solo e do período en que este permanece enchoupado. Os musgos do xénero *Sphagnum* son a vexetación máis característica das turbeiras, bordeándoas pode haber un prado de gramíneas, frecuentemente formando unha mata alta, esta soe estar acompañada de queiroas e algunhas árbores pequenas como bidueiros ou salgueiros.



Brañas na parte altas de Seavia

BRAÑA RUBIA OU LAGOA DE ALCAIÁN

Zona de turbeiras orixinada no Cuaternario, asentada nunha superficie cha que se estende arredor dos 400 m de altitude na Alta de Seavia, ao leste do Alto do Campelo e do lugar do mesmo nome. Noutros tempos foi explotada para obter ilmenita. Actualmente a súa extensión está moi reducida e rodeada de prados e bosques de piñeiros.

A vexetación máis característica está formada por queiroas, rorellas (pequenas plantas insectívoras, *Drosera rotundifolia* e *Drosera intermedia*), esfagnos, árnica, orquídeas, liño bravo, xunca de algodón, xuncos, frundio, salgueiros… e o endemismo de Monte Castelo *Centaurea ultreiae*. Ten unha boa representación de insectos, anfibios e aves.



"Centaurea ultreiae" . A única zona do mundo onde se dá é nos arredores do monte Castelo (especialmente e Seavia e Erbecedo)

DEMOGRAFÍA:

Estas tres parroquias que se asentan no reborde setentrional da penichaira do Xallas e o meridional do val do Anllóns dentro do concello de Coristanco, participan (especialmente Couso e Seavia) das terras achanzadas da meseta xalleira e, neste caso as tres, de pendentes relativamente acusadas que unen as dúas superficies antes citadas.

En calquera caso, as terras altas, chás pero pouco abrigadas e de difícil drenaxe e as pendentes non son terreos que faciliten os grandes asentamentos humanos e así, se ben contan cun bo número de entidades de poboación, estas son pequenas e están bastante espalladas, se ben se concentran na aba meridional do val do Anllóns. De feito, só 3 localidades superan os 100 habitantes: Mira, A Rabadeira e As Salgueiras, as tres na parroquia de Seavia. Así, en 2013, o número de núcleos era, entre as tres, de 30 distribuídas como seguen:

Parroquias	Superficie	Nº de núcleos	Núcleos// km^2	Habit. / núcleo
Couso	13,1 km^2	11	0.84	31.09
Ferreira	5,3 km^2	6	1.13	30.33
Seavia	23,3 km^2	13	0.56	68.69
TOTAL	41,7 km^2	30	0.72	47,23

Ao igual que sucede a nivel de toda Galicia, principalmente na rural, estas parroquias están sufrindo un rápido proceso de despoboamento e, deste xeito, dos 2.193 habitantes que tiñan en 1986, pasouse a 1.417 en xaneiro do 2013; un 35,4% menos en tan só 27 anos, ou 267 menos nos últimos 12 anos.

As densidades van parellas co total demográfico e, desde 1986 está en continuo retroceso sendo bastante inferior á media de todo o concello: 33,98 fronte ao 48,93 municipal

	1607	1836	1900	1910	1920	1930	1940	1950	1960	1970	1981	1991	2001	2013
1	29.3	34.3	42.0	39.9	40.3	44.1	51.1	59.3	61	59.2	43.4	43.9	33	26.1
2	9.4	23.1	30.9	31.2	39.3	35.8	49.5	54.6	54	50.3	47.0	38.6	37.7	34,3
3	14.1	25.8	38.3	36.4	37.3	37.6	44.2	49.2	50.5	53.1	54.5	49.2	45.1	38.3
4	16.9	31.7	46	49.4	51.6	52	59.6	66	68	68.6	72.1	59.4	57.4	48.9

Evolución das densidades: 1.- Couso, 2.– Ferreira, 3.– Seavia, 4.– Media do Concello

No detallado padrón de 1887 é no único no que aparecían as seguintes aldeas da parroquia de Seavia: Campo (20 hab.), Carrizal (6), Corvo (8), Outeiro (10), Pereiras (26), Rieiro (8), Serrapio (13) e Vilameán (8).

	1887	1900	1910	1920	1930	1940	1950	1960	1970	1981	1986	1991	1996	2001	2006	2013
COUSO	**451**	**381**	**468**	**444**	**449**	**491**	**569**	**660**	**679**	**658**	**619**	**483**	**489**	**433**	**385**	**342**
Bormoxoio	21	-	-	-	20	17	19	23	12	15	12	15	11	10	7	10
Brenlla	93	109	86	94	93	105	106	130	131	127	128	88	89	77	67	61
Couso	15	-	-	28	30	29	34	37	38	35	34	24	21	16	13	7
Currás de Abaixo	25	-	44	42	44	52	63	73	61	60	65	56	57	52	44	35
Currás de Arriba	26	36	27	30	31	25	36	36	37	30	24	19	25	22	25	23
Esternande	15	-	-	18	12	24	38	49	54	54	58	43	32	34	36	36
A Furoca	16	-	-	-	12	11	26	21	19	18	16	18	22	17	18	16
Pereiras	31	41	62	71	86	86	93	100	98	128	101	78	87	72	61	52
A Ribela	34	-	45	43	33	36	42	53	63	43	45	37	42	40	36	23
Ventoso	4	-	-	-	15	24	22	29	29	36	29	27	23	20	16	13
O Vilar	39	47	91	55	73	82	90	109	137	120	107	78	80	73	62	66
Outros	-	148	113	63	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
FERREIRA	**137**	**164**	**166**	**209**	**190**	**263**	**290**	**287**	**267**	**250**	**248**	**205**	**206**	**200**	**185**	**182**
Ferreira	**18**	**48**	**-**	**34**	**27**	**29**	**34**	**29**	**27**	**21**	**22**	**19**	**18**	**17**	**17**	**19**
Figueiras	**28**	**-**	**29**	**30**	**29**	**42**	**38**	**31**	**30**	**26**	**23**	**20**	**18**	**22**	**8**	**6**
O Piñeiro	**28**	**-**	**40**	**36**	**32**	**72**	**61**	**83**	**79**	**64**	**59**	**50**	**56**	**56**	**58**	**68**
As Teixoeiras	**27**	**-**	**-**	**38**	**38**	**30**	**39**	**34**	**39**	**33**	**30**	**29**	**25**	**25**	**22**	**20**
Bieite de Abaixo	**7**	**-**	**-**	**-**	**16**	**10**	**23**	**35**	**38**	**45**	**50**	**43**	**40**	**33**	**31**	**31**
Bieite de Arriba	**29**	**-**	**42**	**56**	**52**	**80**	**95**	**74**	**64**	**61**	**64**	**44**	**49**	**47**	**49**	**38**
Outros	**-**	**116**	**55**	**15**	**6**	**-**	**-**	**-**	**-**	**-**	**-**	**-**	**-**	**-**	**-**	**-**
SEAVIA	**838**	**893**	**848**	**870**	**876**	**1031**	**1148**	**1177**	**1239**	**1271**	**1326**	**1147**	**1112**	**1051**	**976**	**893**
Amboade	**122**	**129**	**123**	**130**	**142**	**153**	**155**	**149**	**132**	**118**	**110**	**92**	**74**	**66**	**61**	**47**
Arixoón	**83**	**97**	**100**	**87**	**86**	**105**	**117**	**101**	**97**	**78**	**60**	**78**	**62**	**52**	**39**	**36**
Buxán	**112**	**100**	**88**	**110**	**100**	**115**	**130**	**139**	**132**	**132**	**129**	**113**	**102**	**108**	**90**	**86**
O Campelo	**16**	**-**	**-**	**-**	**14**	**13**	**13**	**24**	**19**	**26**	**50**	**24**	**22**	**24**	**23**	**20**
Cerqueirás de Arriba	**26**	**-**	**-**	**16**	**22**	**46**	**34**	**52**	**71**	**61**	**56**	**44**	**42**	**37**	**44**	**40**
Freixeiro	**24**	**-**	**-**	**28**	**26**	**27**	**41**	**34**	**29**	**25**	**22**	**18**	**14**	**10**	**5**	**8**
Mira	**62**	**56**	**68**	**75**	**85**	**116**	**114**	**160**	**166**	**185**	**203**	**161**	**163**	**144**	**134**	**108**
Nogueira	**82**	**83**	**72**	**71**	**62**	**72**	**81**	**60**	**66**	**92**	**89**	**94**	**91**	**89**	**87**	**86**
A Rabadeira	**35**	**-**	**75**	**75**	**78**	**96**	**132**	**146**	**191**	**278**	**298**	**272**	**269**	**262**	**245**	**219**
O Rodeiro	**47**	**61**	**60**	**49**	**57**	**60**	**72**	**74**	**63**	**41**	**43**	**34**	**36**	**36**	**32**	**36**
As Salgueiras	**48**	**62**	**84**	**86**	**58**	**91**	**106**	**121**	**157**	**154**	**172**	**152**	**149**	**143**	**141**	**146**
Seavia	**55**	**65**	**60**	**64**	**80**	**103**	**103**	**80**	**81**	**62**	**69**	**50**	**53**	**48**	**44**	**34**
Segufe	**50**	**43**	**35**	**36**	**38**	**34**	**50**	**37**	**35**	**29**	**37**	**33**	**35**	**32**	**31**	**27**
Outros	**99**	**160**	**83**	**43**	**24**	**-**	**-**	**-**	**-**	**-**	**-**	**-**	**-**	**-**	**-**	
TOTAL	**1426**	**1438**	**1482**	**1523**	**1515**	**1785**	**2007**	**2124**	**2185**	**2179**	**2193**	**1835**	**1807**	**1684**	**1548**	**1417**

Parroquias de Couso, Ferreira e Seavia


Unha mostra das variacións do total de habitantes das tres parroquias vese no cadro seguinte no que, partindo do índice 100% en 1900, practicamente teñen a mesma poboación e incluso menos que 113 anos antes

	1900	1950	1981	2001	1900 1950	1950 2001	1900 1981	1981 2013	1900 2013
Couso	**100 %**	149.3 %	172.7 %	113.6%	49.3 %	**-23.9%**	72.7%	-48.03%	89.77%
Ferreira	**100 %**	176.8 %	152.4 %	121.9%	76.8 %	**-31 %**	52.4%	-27.20 %	110.90%
Seavia	**100 %**	128.5 %	142.3%	117.7%	28.5 %	**-8.45%**	42.3%	-29.74%	106,56 %
Concello	**100 %**	143,6 %	156.8 %	124.6%	43.6 %	**-13.2%**	56.8%	-32,51%	105,8%

A análise da estrutura da poboación amósanos unha poboación moi avellentada con moi escasos nacementos que, en ningún caso, serven para a reposición dos elementos perdidos polas defuncións e as migracións.

Grupos de idade	HOMES		MULLERES		TOTAL		Grupos de idade	HOMES		MULLERES		TOTAL	
	2001	2013	2001	2013	2001	2013		2001	2013	2001	2013	2001	2013
0-4	105	102	111	100	216	202	**45-49**	302	241	237	253	539	494
5-9	118	99	122	88	240	187	**50-54**	245	276	243	252	488	528
10-14	172	105	162	123	334	228	**55-59**	263	290	257	260	520	550
15-19	274	108	242	105	516	213	**60-64**	207	236	235	236	442	472
20-24	329	144	285	157	614	301	**65-69**	254	239	290	248	544	487
25-29	279	206	266	167	545	373	**70-74**	224	178	296	232	520	410
30-34	264	203	276	218	540	421	**75-79**	155	192	220	255	375	447
35-39	254	205	248	183	502	388	**80-84**	102	142	153	233	255	375
40-44	297	215	270	236	567	451	**85 e +**	56	108	149	240	205	348

Grupos quinquenais de idade e sexo en 2001 e 2013 para todo o concello de Coristanco



Pirámides de idades en 2001 e 2013, en Coristanco

Obsérvese o avultado crecemento dos grupos de máis idade en tan só 12 anos tanto no cadro de datos coma nas pirámides de 2001 e 2013. Todo isto pode verse aínda moito máis claro se a análise se fai por grandes grupos de idades. Un 6,21 % máis de maiores de 65 anos en tan só 12 anos, que acadan máis dun 30% no 2013.

Grupos de idades	2001		2013		Variación
< de 20 anos	1.306	16,40%	813	11,82 %	-4,58%
De 20 a 65	4.757	59,71%	3.978	57,86%	-1,85%
Máis de 65	1.899	23,85%	2.067	30,06%	+ 6,21%

A evolución, en cifras absolutas e porcentaxes, da natalidade e da mortalidade por décadas desde 1880 en cada parroquia foi a que segue. Hai que ter en conta que desde o 2003 os datos do Rexistro Civil non aparecen consignados por parroquias polo que non se puido establecer as taxas para as mesmas desde esa data.

		COUSO											
		1890	1900	1910	1920	1930	1940	1950	1960	1970	1981	1991	2001
NATALIDADE	HOM	28	50	35	44	53	65	101	112	103	60	37	10
	MUL	30	52	44	36	50	37	80	98	86	62	27	17
	TOT	58	102	79	80	103	102	181	210	189	122	64	27
	TAXA	17.7	26.7	16.8	18.0	22.9	20.7	31.8	31.8	27.8	18.5	13.2	6.19
MORTALIDADE	HOM	38	35	34	40	37	52	44	12	15	27	22	21
	MULL	43	43	46	49	36	34	43	22	33	32	22	20
	TOT	81	78	80	89	73	86	87	34	48	59	44	41
	TAXA	24.8	20.4	17.0	20.0	16.2	17.5	15.2	5.15	7.06	8.96	9.10	9.46
CREC. VEXATATIVO		-7.0	-6.23	-1.1	-2.0	6.6	3.26	16.5	26.6	20.7	9.54	4.1	-3.27
		FERREIRA											
NATALIDADE	HOM	12	31	24	29	21	33	45	36	36	28	8	2
	MUL	11	17	28	18	22	31	51	41	27	21	14	1
	TOT	23	48	52	47	43	64	96	77	63	49	22	3
	TAXA	16.8	29.2	31.3	22.5	22.6	24.3	33.1	26.8	23.6	19.6	10.7	1.5
MORTALIDADE	HOM	12	23	20	21	18	9	19	21	9	10	5	10
	MULL	18	22	19	25	19	17	26	9	11	7	6	12
	TOT	30	45	39	46	37	26	45	30	20	17	11	22
	TAXA	18.3	27.1	13.8	22	19.5	9.88	15.5	10.4	7.49	6.8	5.36	11
CREC. VEXATATIVO		-1.5	2.16	17.4	0.48	3.16	14.4	17.6	16.3	16.1	13	5.37	-9.5
		SEAVIA											
NATALIDADE	HOM	99	137	120	122	116	149	161	142	102	139	81	31
	MUL	82	98	115	117	104	134	160	121	121	99	77	24
	TOT	181	235	235	239	220	283	321	263	223	238	159	55
	TAXA	21.6	26.3	27.7	27.5	25.1	27.4	27.9	22.3	18	18.	13.9	5.2
MORTALIDADE	HOM	94	114	104	90	53	51	64	53	53	47	43	38
	MULL	98	107	102	105	67	94	58	62	28	49	36	51
	TOT	192	221	206	195	120	145	122	115	81	96	82	89
	TAXA	22.9	24.7	24.3	22.4	13.7	14.1	10.6	9.77	6.53	7.5	7.15	8.5
CREC. VEXATATIVO		-0.3	1.6	3.4	5.07	11.4	13.4	17.4	12.6	11.5	11	6.7	-3.3

Digno de estudo, e como curiosidade, é a incidencia da gripe de 1918 que afectou a todo o mundo causando millóns de mortos e que, no caso concreto de Coristanco, afectou a un total de 128 persoas entre o 3 de outubro e o 4 de decembro dese ano. Para as tres parroquias o número de afectados, día a día, foi o seguinte:

Parroquias de Couso, Ferreira e Seavia

Día	Parroquia	Día	Parroquia	Día	Parroquia
17/10	Couso	26/10	Seavia	5/11	Seavia
20/10	Couso	27/10	Couso, Seavia	6/11	Couso
21/10	Seavia (3)	28/10	Couso	7/11	Seavia
22/10	Seavia (2)	29/10	Seavia	8/11	Ferreira
24/10	Seavia	30/10	Couso, Ferreira	25/11	Couso
25/10	Seavia (3)	31/10	Couso (2)	TOTAL	26 de 128

RECURSOS ECONÓMICOS

As actividades económicas dos habitantes destas tres parroquias estiveron, desde sempre, relacionadas coa agricultura e co conxunto do sector primario, en xeral. Isto vén sendo así desde hai moitísimo tempo tal como pode verse no Catastro de Ensenada (1765) que para o Couto de Seavia (na actual parroquia estarían tamén os coutos de Mira e de Nogueira) parroquia dinos que *"solo las de labradíos y secanos de primera y segunda calidad, producen dos cosechas al año. Trigo, centeno, maíz, linaza, havas, nabos, alcacén y coles. Solo hay perales y manzanos a arbitrio y beneficio de la misma Naturaleza".*

Moi similar é a información que nos dá das terras da parroquia de Ferreira: "*Las tierras de labradío y secano de primera y segunda calidad producen dos cosechas al año y la de tercera solo una anualmente. Dehesas de robles y sotos de castaños y (…) perales y manzanos".* Os datos de Couso son similares.

En canto aos oficios nesta época (mediados do XVIII) eran para as tres parroquias case todos labradores a non ser: *un xuíz, un carceleiro, un estanquilleiro, 2 taberneiros, un curtidor, 2 costureiras, un fabricante e un traficante de carbón, un tecelán, un xastre e dous zapateiros* (Couto de Seavia). *Un taberneiro, dúas costureiras, un traficante de fariña e un xastre* (Ferreira). *Un taberneira, tres estanquilleiros, un mestre de nenos, un abastecedor de viños, un mercader de panos, catro ferreiros. "no hay jornaleros en Couso, todos son labradores de sus haciendas"* (Couso).

A situación económica non cambiara moito a mediados do século XIX, se se observan as informacións do Diccionario "Madoz" que, respectivamente para cada unha das parroquias nos di o seguinte: *"El TERRENO aunque por lo general montuoso se presta al cultivo de cereales"* (Couso).

***"PROD.: centeno, algún maíz, patatas y pocas legumbres: cría ganado, prefiriendo el vacuno, y se encuentra caza, aunque en corto número"* (Ferreira) "*PROD. Trigo maíz, patatas, y legumbres; cría ganado, prefiriendo el vacuno; hay caza y alguna pesca"* (Seavia).**

Pola súa banda, a mediados da década dos anos 20 do século pasado na "Xeografía do reino de Galicia" dirixida por Carreras Candi dísenos que *Produce trigo, maíz, centeno y legumbres. Cría ganado de toda clase y se encuentra*

***alguna caza (*Couso*)) Produce cereales, patatas y legumbres. Domina el ganado vacuno y no falta caza (*Ferreira*). El valle que forman sus dos explanadas y que dominan los montes que dividen el país de Bergantiños de la Tierra de Xallas es favorable al cultivo y muy feraz. Las producciones son cereales, patatas, legumbres,¸excelente ganado sobre todo vacuno y algo de caza y pesca* (Seavia)**

Pouco ou nada cambiaron as actividades económicas no último século posto que a economía se sustenta en dous piares: Por un lado todo o relacionado co sector primario baseado nunha agricultura cada vez máis mecanizada pero minifundista; as pensións de xubilación proporcionadas polas persoas de máis idade e que cada vez son máis numerosas

Cada vez son máis as leiras que quedan sen cultivar como consecuencia do abandono da explotación debido á idade dos propietarios. Estase a dar unha certa concentración en poucas mans, normalmente arrendadas, dunha boa cantidade delas sobre todo nas dos poucos gandeiros con explotacións modernas e dimensionadas que precisan superficies considerables para soster as súas reses.

O sector forestal ten máis importancia en Ferreira que en Couso e sobre todo que en Seavia, posto que a maior parte da superficie desta última correspóndese coas terras altas achanzadas e brañentas da meseta do Xallas que dificulta o crecemento arbóreo. Só na caída do Xallas cara a Bergantiños hai boas plantacións de piñeiros e, sobre todo de eucaliptos. Moi similar é a situación na parte alta de Couso co problema engadido que case toda a superficie arborada correspóndese co eucalipto que está a sufrir o tremendo ataque do "*Gonipterus*" que lle come as follas e impide o seu crecemento e que poida producir rendementos económicos aceptables.

A destacar a gran explotación forestal do monte de Santa Ana, propiedade de NORFOR, filial de ENCE e que pertenceu en épocas pasadas aos propietarios das Torres de Nogueira. Toda ela está dedicada ao eucalipto.

Case nada máis resulta digno de reseñar relativo a outras actividades económicas, se acaso a empresa que se dedica a fabricar e montar carpas (Brenlla), algún que outro escaso establecemento comercial ou de actividades como fontanería, bares, etc.

TOPONIMIA

No canto de referirse a unha ferraría ou obradoiro onde traballa un ferreiro, en latín a palabra *ferraria*, que en galego dá "ferreira", significaba "mina de ferro", polo que no lugar coristanqués chamado Ferreira, que debeu nacer no Cotón ou Alto de Ferreira, onde estivo a antiga igrexa, puido haber, no momento da aparición do topónimo, un xacemento de mineral de ferro nos afloramentos pétreos que coroan a devandita altura (o que xeoloxicamente é posible, segundo Antón Losada), algún dos cales puido ser unha "pena ferreira" rica en ferro, tal como sucede, esta vez con total seguridade, nunha paraxe situada no Courel chamada Pena Ferreira, topónimo que

alude a un importante xacemento de ferro explotado no lugar dende tempo inmemorial, o mesmo que acontece con relación aos topónimos galegos (similares aos de Ferreira e Pena Ferreira) Pena de Ferro, Pena do Ferro e O Coto do Ferro, que corresponden aos españois Peña del Hierro, topónimo mineiro que sinala e denuncia a existencia de piritas de ferro, e Cabeza de Hierro, nome de lugar asociado a existencia de magnetita entre rochas de gneis.



Fermosa imaxe do "Cotón de Ferreira"

Verbo de Bieite de Arriba e Bieite de Abaixo, que nun principio serían só Bieite, cómpre retraer este topónimo á expresión latina(villa) Benedicti*, en clara alusión a un antigo latifundio agrícola propiedade dun tal *Benedictus*, nome persoal que hoxe sería Bieito.**

Se no lugar de Bieite viviu e traballou unha persoa chamada Bieito, no emprazamento chamado Figueiras houbo figueiras, como no de O Piñeiro houbo un piñeiro e no de O Pontillón un pontillón ou pequena ponte para cruzar unha corrente fluvial significado que tamén pode ter o nome de lugar O Porto, se é que non se refire, é outra posibilidade, a un lugar de paso máis ou menos doado situado entre outros dous emprazamentos máis altos e/ou máis difíciles de transitar.

Polo que respecta ao topónimo As Teixoeiras, alí é seguro que houbo varias *taxonarias* ou tobos habitados por porcos teixos.

Pasamos á parroquia de Couso, cuxo topónimo debe proceder da palabra latina *capsu(m)*, "caixa", e facer referencia á caixa orográfica ou depresión de terreo na que se atopa o lugar, tipo de relevo que se repite de maneira sistemática, segundo puidemos comprobar, noutros lugares chamados Couso espallados por toda a xeografía galega.



Vista de Pereiras, onde se pode aprezar o val en forma de caixa

En canto a Bormoxoio, é un topónimo probablemente de orixe celta, que pode provir, como o próximo de Bormoio, dunha raíz indoeuropea **bhor*, "brotar, fluír, saír auga", en alusión a unha fonte, detalle que se corresponde coa realidade, ao haber, aínda hoxe, un manancial no lugar.

O topónimo Currás, hoxe diversificado nos de Currás de Arriba e Currás de Abaixo, reproduce a palabra en plural *currás* en alusión á antiga existencia no lugar de varios currais ou lugares cercados con finalidades agrícolas e/ou gandeiras.

O lugar de Esternande debe o seu nome a que en antigo tempo viviu alí alguén chamado **Astranandus* nunha *villa* granxa ou posesión agrícola medieval, que, como no caso do topónimo Bieite, sería da súa propiedade.

A Furoca e A Ribela son dous topónimos que fan referencia ás orografías dos dos lugares así chamados: a unha depresión ou furoca natural do terreo, no primeiro caso, e a unha pequena ribeira ou encosta no segundo, aínda que, o nome A Furoca tamén sería posible que aludise a unha furoca ou gran burato feito na terra de maneira artificial.

O Ventoso fálanos dun emprazamento ventoso e o de O Vilar dun vilar ou, o que é o mesmo, dun pequeno lugar poboado, aínda que este nome de lugar tamén podería referirse a un vilar no sentido de conxunto de terras de labradío cerradas ou pertencentes a varios donos. Na Idade Media chegou a chamarse Vilar de Donas.

Chegados á parroquia de Seavia, cómpre explicar que este nome de lugar pode ser de orixe celta a partir dun antigo **Senavia* -como o de Seabra, en castelán Sanabria ou Senabriga, puido ser nun principio **Senabriga*, "a fortaleza (briga) vella (sena)"-. De ser certa esta nosa conxectura, o de Seavia sería un topónimo celta que significaría "o río (avia) vello (seno)". Sexa como for, polo lugar de Seavia paso o río de Seavia co que o carácter hidronímico da segunda parte do topónimo, -avia, parece asegurada, o que se completa co topónimo Penavia, nome dun monte próximo ao lugar de Seavia, por onde tamén pasa o actual río de Seavia, que nun principio se puido chamar **Avia*, como o río ourensán dese nome, o cal ten moitas correspondencias en países celtas como Irlanda, Escocia, Gales ou Inglaterra.

Á parte do de Seavia, entre os topónimos da parroquia así chamada abundan os que fan referencia, como os devanditos de Bieite e Esternande, a nomes de posesores latifundistas da Idade Media. Un deles parece o de Arixón, cuxa terminación –ón semella o resto dun antigo xenitivo en *–oni* dun nome de persoa. A outro nome persoal refírese o topónimo Amboade, forma actual que agocha un antigo xenitivo *Involati*, de *Involatus*, que, a partir do lexema latino **(villa) Involati*, daría, coa perda ou elipse da palabra latina *villa*, o actual Amboade, en referencia a unha *villa* ou granxa dun antigo posesor da terra chamado *Involatus*.

A outro posesor, neste caso de nome xermánico, refírese o topónimo Segufe, procedente dunha antigo latifundio agrícola ou **(villa) Segulfi*, isto é, finca ou granxa de *Segulfus*, nome persoal que leva a palabra xermánica latinizada *ulfus*, que en xermánico pleno é *wulfs*, "lobo". O topónimo Buxán fai así mesmo

referencia ao nome dun posesor ou terratenente chamado, neste caso, *Busianus*, antropónimo latino moi frecuente na documentación medieval.

En canto a As Balsiñas, é un claro diminutivo da palabra de orixe prerromana *balsa* que significa "pequena depresión de terreo encharcada", característica hídrica que lle convirá ao lugar chamado As Balsiñas cuxa zona enchoupada puido ser causada, como sucede nas zonas chas de Bergantiños polas que pasan ríos, por unha pequena corrente fluvial desbordada.

No lugar chamado Cerqueirás de Arriba houbo carballos cerqueiros ou cerquiños da clase *Quercus pyrenaica*, especie arbórea que se troca en freixos con relación ao topónimo Freixeiro, do mesmo modo que na aldea chamada Nogueira houbo unha nogueira ou no de As Salgueiras varios salgueiros.

De A Rabadeira dicir que é un topónimo oronímico que fai referencia á forma do que fai referencia á forma do chan e que procede dun anterior **ribadeira*, e este da palabra latina *ripa*, "ribeira ou encosta dun río ou regato", o que se corresponde coa realidade orográfica e hidronímica do lugar, especialmente en A Rabadeira de Abaixo, situado en costa e a carón dunha pequena corrente fluvial. En parecidas circunstancias hidronímicas estará o lugar chamado Rieiro, procedente do latín **rivarium*, "do río, próximo ao río, fonte, manancial", o que tamén cómpre facer extensible ao topónimo así mesmo coristanqués Mira, o cal, partindo dunha base prerromana **mir*, "auga, río", dá nome a varios ríos galegos e portugueses, incluído o río Mira ou Alcaián, que, procedente da desaparecida lagoa de Alcaián (outro dos seus brazos nace na aldea de A Abelenda), pasa polo devandito lugar coristanqués de Mira para logo desembocar no Xallas a carón da aldea de Castriz.

Para rematar, dicir que o lugar da parroquia de San Mamede de Seavia chamado Vilameán procede da expresión latina *villa mediana* en alusión a unha vila ou pequena entidade de poboación situada, no momento do nacemento do topónimo, no medio ou entre dous referentes xeográficos, que puideron ser outros dous pequenos núcleos poboados, dous montes, dous penedos, etc.

SEAVIA E A LAGOA DE ALCAIÁN

Pola ponte da Lagoa
Trinta e cinco xastres van
As mans cargadas de fouces
Para matar unha arrán.

A miña parroquia é, mal que nos pese, unha entidade invertebrada. Os fitos e feitos históricos, malia non seren escasos, amosánsenos espallados e incompletos. E deben subliñarse, tanto como agradecerse, os traballos e achegas que sobre desta terra debemos a Xosé Pumar, que foi párroco do lugar, Evaristo Domínguez e Xan Fermández, mestres e infatigables camiñantes polas nosas corredoiras, e Luis Giadás, que consome un boa parte da súa existencia entre libros incunables do Arzobispado de Santiago.

Pero nese proceso de desvertebración paulatina tamén xogan un esencial papel a demografía (avellentamento e perda dramática de asentamentos de poboación), así como a radical modificación da paisaxe como consecuencia do abandono dos cultivos tradicionais e a expansión incontrolada dunha capa forestal, mesmo de especies agresivas, que acabou por pechar toda unha rede de camiños de vecindade.

A importante extensión territorial da parroquia explica que Seavia participe xeográficamente de dúas comarcas ben diferenciadas: a bergantiñá, constituida pola prolongación do val de Traba, e a meseta do Xallas, que empezaría realmente nas chamadas curvas do Campelo, un chisco por riba de A Rabadeira, e non en Castriz como o Plan Comarcal Autonómico fixou no seu día. Velaí, sen embargo, como ese desaxuste xeográfico permítenos incorporar ao patrimonio natural da parroquia a Braña Rubia, así chamada pola cor do barro que a caracteriza.

Nun sentido histórico e poético (non se sabe con certeza cal dos dous pesa máis) tamén é coñecida como a Lagoa de Alcaián. *Al-Caianus*, viría a ser un nome mozárabe de quen posuía esas terras extremas da parroquia.




Puntas de lanza da Lagoa de Alcaián (Coristanco)
Museo do Castelo de San Antón da Coruña

A brañeira, mesmo profundamente alterada polo aproveitamento mineiro (extracción de rútilio e titanio), segue a ser un hábitat privilexiado para unha unha fauna e unha flora moi específicas. Se recurrimos a *San Google* para adentrarnos por aquelas gándaras, axiña comprenderemos a tese doutoral de Salvador Parga Pondal sobre *A comarca natural de Bergantiños*, cando excluía desta -para adxudicarllela á terra dos xalleiros-, ese cornecho do Concello de Coristanco que penetra, a modo de estaca, por entre os montes de Vilela e Sabadin (ambos carballeses), continúa uns catro kms na colindancia co Concello de Tordoia (pola esquerda) e acada a seu maior estreitamento territorial no bico do Monte Castelo, a 568 metros sobre do nivel do mar.

Alcaián é tamén cabeceira do Xallas (queiran ou non queiran os de Bazar (*Basar*), xa por terras de Santa Comba, aínda que con aportación de caudal moi modesta, pois é innegable que cando xa a altura de Castriz converxen o Río de Mira e o Río Bazar, éste último xa recolleu previamente as augas desa gran neurona que conforman os moitos regatos que baixan de Pedrachán, Pedroso e Madoña.

Conta Pumar -con moita gracia e habilidade- como os bergantiñáns lle roubaron aos xalleiros unha parte dese xa pequeno caudal de Alcaián, xusto como consecuencia das obras de desecación da lagoa, pois por razóns de maior proximidade á cunca do Anllóns, un pequeno canal acabou derivado cara Erbecedo e O Rodeiro, na percura final do río carballés, cando por natural inclinación debería verquer tamén en dirección a Castriz, para engarzar co río Xallas.


FERREIRA
COUSO
1
2
3
Bieite de Abaixo
Bieite de Arriba
Rego do Lobo
As Teixoeiras
O Porto
Casa da Chousa
A Rega
Ferreira
(Santa María)
Os Brozos
Cotón de Ferreira
Cagmaña
Brenlla de Arriba
Brenlla de Abaixo
Brenlla
Currás de Arriba
Currás de Abaixo
O Souto
Couso
(San Miguel)
A Galbeira
Pereiras


Fraga Xorda
Camiño Longo
Casa da Granxa
6
Segufe
5
Monte da Rabadeira
Seavia
Xiate
Pazo de Torres
de Nogueira
Os Borreiros
4
Nogueira
A Torre
A Rabadeira de Arriba
A Raoadeira de Abaixo
A Rabadeira do Medio
O Marquiño
A Rabadeira
Os Altiños
Capela de Santa Ana
O Rodeiro
Arixón
SEAVIA
A Gatiñeira
Chousa de Arriba
Os Pedrouzos
A Lucenza
O Rilleiro
O Campelo
Colón Grande
N
NO
NE
O
E
SO
SE



Parte do que queda da lagoa de Alcaián

Cómpre engadir que Seavia é unha terra rica en humidais tamén na súa parte baixa. …". Sen ir máis lonxe, ao fondal do lugar, no lado dereito de Segufe, temos *os Boedos*, a carón do río do mesmo nome, e un chisco máis atrás a *vella morta* da *Fonte Xanoca*. Entre Buxán e Freixeiro, algúns recordamos a *Braña Vella*. Na parte baixa de Amboade, moitos chegamos a coñecer, nos estertores da súa explotación mineira, *A Carboeira*. Mesmo cerca da Braña Rubia, ao outro lado da estrada comarcal que atravesa Castriz, está a *Braña da Serra*, que leva tal nome polo cordal de montes que a envolven, en íntima colindancia co Monte do Quinto ou Pico de Bubela, da nosa pertenza parroquial histórica. Ao fin e ao cabo, di a canción de Pumar que "Seavia é ata Pereiras…".

RUTA A PÉ DE FERREIRA A SEAVIA

PARADA 1: COTÓN E IGREXA DE FERREIRA

Comezamos esta ruta polas parroquias coristanquesas de Ferreira, Couso e Seavia, na praza que hai diante da igrexa de Ferreira. Primeiro dirixímonos ao Cotón, a través da pista que conduce ao seu pé. Este cume de 282 m de altitude acadou sona pola súa situación estratéxica, xa que desde este lugar vese gran parte das terras do centro da comarca de Bergantiños e incluso o mar de Malpica.

Neste curuto ou petouto estivo situada a antiga igrexa parroquial, así nolo deixa reflectido o cardeal Jerónimo del Hoyo nas súas *Memorias* a comezos do século XVII: *"La iglesia está en un pico de un cerro alto sobre peña y así no hai en ella ningún entierro"*. Anteriormente neste lugar puido haber un antigo castro, cristianizado máis tarde a través da construción do primitivo templo. Dicían os vellos que no Cotón de Ferreira estaban os mouros e que alí había unha pedra de ouro. Buscárona pero non deron con ela. Un veciño que tivo unha casa ao pé do Cotón di que sachando nunha leira atopou un caferato (tarro con tampa) cheo dun po marelo e ao crebalo deu en brillar a terra toda con aquel po. Dixéronlle máis tarde que aquel po era ouro.



Vista do Cotón de Ferreira desde a igrexa parroquial

Esta igrexa de orixe medieval foi a que acolleu a imaxe de Nosa Señora dos Petoutiños,

(imaxe da portada) posiblemente a súa patroa, unha pequena talla de pouco máis de 20 cm que aínda se conserva. Amosa as súas características románicas na súa posición sedenta e hierática, mirando ao fronte e co Neno sentado sobre os seus xeonllos.

Este ten tamén unha posición estática e mirada frontal, en actitude de bendicir coa man dereita, e coa bóla do mundo na esquerda. Ambas figuras teñen as teas pegadas ao corpo e sen relación entre elas. Aínda que a imaxe conserva este canon románico, podería ser de época máis tardía, pero en todo caso, estamos diante dunha imaxe medieval de importante valor. O seu nome fai alusión ao picouto no que estaba situado o antigo templo.

Na parroquia de Ferreira chegou a haber tres confrarías: a de Nosa Señora do Carme, fundada en 1885 e da que temos datos ata 1904; a de Nosa Señora de Ferreira (Virxe dos Petoutiños), con datos entre 1657 a 1722; e a do Santísimo Sacramento, entre 1790 e 1978. Os seus libros consérvanse no Arquivo Diocesano, pero están en mal estado.



A aldea de Ferreira vista desde "O Cotón

Esta parroquia, xunto coas de Castro, San Xusto, Verdes e Xaviña, formaba a antiga xurisdición de Xaviña, señorío do mosteiro de San Martiño Pinario de Santiago. Este mosteiro era quen percibía os impostos da luctuosa e de vasalaxe.

Cando o poeta Eduardo Pondal escribe o seu poema dedicado a nosa comarca: "Ouh, terra de Bergantiños", cara a finais do século XIX, elixe este punto estratéxico para describir as terras bergantiñás e nel fai referencia a esta vella igrexa.

"Virxe garrida, que tendes
vosa capilla ben feita,
onde fan seu niño as aigas
sobre o alto de Ferreira"



Altar maior da igrexa de Ferrerra

Fálase da existencia en Ferreira dunha torre medieval pertencente ao conde de Altamira, na que puido estar preso algún tempo o arcebispo compostelán Alonso II de Fonseca, baixo a orde de Bernal Eáns de Moscoso, que tamén o tivera retido no castelo de Vimianzo e nas torres de Mens. E hai tamén quen afirma que esta fortaleza de Ferreira estaría situada neste mesmo lugar do Cotón; non obstante, parece difícil, dado o espazo reducido do lugar, que a igrexa e a torre, que representaban cada unha poderes e intereses contrapostos, estivesen unha de par da outra.

A igrexa actual sitúase a uns 100 m ao oeste do Cotón e foi construída no ano 1904, tal como indica a placa que ten na fachada.

A carón da vella igrexa estaba o antigo cemiterio, do que os veciños de máis idade da parroquia aínda se lembran do lugar no que se atopaba e dos restos que quedaron despois de ser clausurado. A igrexa aínda conserva a propiedade do soar, e segundo nos contou unha veciña próxima, de cando en vez algún representante da mesma acércase a ver esta propiedade.

Desde o Cotón de Ferreira, cando non había eucaliptos, nin loureiros, víase o mar de Malpica, de aí que os mariñeiros deste porto tiñan este monte como punto de referencia para orientarse no mar e como marca de pesca. Isto fixo que as familias mariñeiras malpicás tivesen devoción por esta Virxe e asistisen á misa o día da celebración da súa festa, facéndolle ofrendas. Cóntase que mariñeiros malpicáns, véndose en perigo por unha vaga de mar, encomendáronse a esta Virxe de Ferreira, e ao lograr salvarse desa situación de perigo, ofrecéronlle a esta santa varios agasallos de prata.

O novo templo consta de nave rectangular e presbiterio da mesma forma, separados ambos por un arco de medio punto. Cóbrese cunha bóveda, que descarga sobre os muros.

No exterior destaca a fachada choída con pezas de pequenos perpiaños de granito con encintado pintado de branco, na que se abre unha porta rematada en arco rebaixado e unha fiestra rectangular. A torre que se eleva no centro da fachada foi construída en formigón. Os muros laterais están recebados e pintados de branco.

No seu interior conserva un altar maior de traza barroca, que pola súa forma semella procedente doutra construción anterior, non sabemos se da antiga igrexa. Consta de corpo principal e ático.

No primeiro ábrense tres fornelas. A da esquerda acolle a San Bieito co seu corvo, que segundo Pumar Gándara, data do século XVII. Na da dereita sitúase San Xosé co Neno, unha talla recente. E no centro, nunha fornela de maior tamaño, vemos o sagrario e sobre el unha cruz e a Virxe da Estrela co Neno, unha imaxe pequena, que podería representar a María como Estrela dos Mares, relacionada co mundo dos mariñeiros.



Fermosa imaxe medieval da Virxe dos Petoutiños



Cruz procesional de Ferreira, en prata (Séc. XVII)

No ático sitúase a Anunciación de María, e nos laterais, sobre o reborde do retablo, están Santo Domingos de Guzmán, coa súa biblia, e San Xoán Bautista, co año. Na sancristía hai un pequeno, pero valioso crucifixo.

A decoración do retablo componse de columnas salomónicas, adornadas con acios de uvas, que flanquean as fornelas do corpo principal; de grilandas e doutros motivos vexetais propios do barroco.

Nesta parroquia consérvase ademais unha interesante cruz procesional de prata do século XVII que amosa por unha cara un Crucificado, e pola outra, a Virxe co Neno.



Cruceiro que hai fronte á igrexa de Ferreira

Diante da igrexa sitúase un cruceiro, levantado sobre unha plataforma formada por escaleiras de cemento, nas que aparece a data de 1979, que pode corresponder ao ano do seu traslado a este lugar, xa que anteriormente estaba situado nunha leira preto deste cruce de camiños. De pedestal fai unha antiga pía bautismal invertida. O capitel está decorado con motivos vexetais, e na cruz, amosa nunha das caras a Cristo crucificado, e na outra, á Virxe do Rosario.

PARADA 2: CASA DE NÚÑEZ DE BRENLLA

Saímos da igrexa de Ferreira por un camiño en dirección sur, que se dirixe a Brenlla, aldea xa pertencente á parroquia de San Miguel de Couso.

Esta parroquia pertenceu á xurisdición de Xallas, formada por 15 parroquias, todas elas situadas fóra da comarca de Bergantiños, agás a de Cuns. Dependía esta xurisdición da catedral compostelá. Os décimos e primicias de Couso recibíanos o cura párroco (un terzo), e o resto ían parar ás arcas do conde de Altamira. Logo de andar uns metros por este camiño, traspasamos un valado por un esqueiro, e despois de atravesar unha leira, collemos outro camiño que nos leva á casa de Núñez. .

Esta casa grande, xunto coa do Vinculeiro, eran as dúas máis potentes que había no lugar. Grazas aos datos que nos achega Martín Rabuñal Andrade, podemos recuperar a historia de cada unha destas casas.

A CASA DE NÚÑEZ

É unha casa de labranza de considerables dimensións situada na parte baixa do lugar de Brenlla, a carón da estrada. Forma parte dun conxunto arquitectónico de carácter rural, en parte pechado con cerca, integrado por vivenda, hórreo con reloxo de sol, casa do forno, rio de lavar, alpendre e outras edificacións auxiliares. Tamén existe fronte a cerca, no outro lado da estrada, un sinxelo cruceiro de pedra.



A vivenda, que ocupa una superficie de preto de catrocentos metros cadrados disponse en planta baixa e sobrado con cuberta a tres augas de tella do país. No interior destaca o amplo corredor, en parte enlousado, que distribúe as dependencias da casa; a planta baixa dedícase a cortes para o gando, cociña con lareira e almacén para as colleitas; e a planta alta, o sobrado, tamén moi amplo que está dividido en diferentes estancias e iluminado con pequenas fiestras e claraboias, dedícase a salón e dormitorios.



A casa de Núñez vista desde a parte alta de Brenlla e detalle da súa interesante porta

O hórreo, de construción sinxela e sen remates dispón de dez pares de pés e dun pequeno reloxo de sol enriba do pinche.

O apelido vencellado a esta casa variou en moitas ocasións ao longo dos séculos, ata mediados do século XIX foron "García Riobóo" e temos atopado a José García na relación de maiores contribuíntes do distrito de Carballo (ano 1836), onde ocupaba o posto número once.

CASA E HÓRREO DE VINCULEIRO. CASA DA TORRE

A casa de Vinculeiro é unha casa de labranza, hoxe moi reformada, con planta cadrada e teito a tres augas e que dispón dunha cheminea de gran tamaño. A fábrica é de cachotería con esquinais, portas e fiestras de cantería; na fachada, que da ó leste, ten unha inscrición no antepeito da ventá que fai alusión a una reforma da casa no 1919.



Magnífico hórreo con reloxo de sol na casa de Núñez

. Ao seu carón existe un esvelto hórreo tipo fisterrá situado sobre una base de cachotería. Ten sete pares de pés de cantería labrada e está rematado con cruz e pináculo de moi fermosa construción.

Ao carón desta casa existiu, ata principios do século XX, unha capela dedicada a San Amaro, que orixinariamente estivera situada no parte alta do lugar, onde aínda hoxe se chama "O Sanamaro"e que no século XVII un crego nacido na casa trasladara á eira. Hoxe a capela está desaparecida e só se conservan os alicerces e un anaco de parede. Nun documento do ano 1832 xa se dicía que as "*alhajas y vestiduras sagradas, (…) las han vendido para las iglesias de Cuns y Grijoa*".

A capela fora fundada por Joseph Antonio de Andrade, con 4 misas de renda, e sobre ela na visita pastoral a Seavia (1737/1744) anotouse:"*Es capellán Martín de Andrade, que les dijo no vale cosa de provecho. El capellán lo pasa bien con su patrimonio y actualmente es vicario en vacante de Ardaña*".

Esta casa foi un exemplo da vinculación dos bens familiares no fillo maior, de ahí o nome de "casa de vinculeiro", o vínculo ou morgado creouno no ano 1708 o cura Juan de Andrade que"(…) *fundó vínculo de toda su hacienda raíz, así lo que había heredado de sus padres y abuelos como de lo que tenía adquirido y de lo demás que dquiriese y quedase por su fin y muerte gravados con cincuenta y dos misas rezadas, y por su limosna de dos reales y medio cada una, que se habían de celebrar en la iglesia de San Miguel de Couso, donde era cura y vecino, y con la condición y cláusulas prohibitorias de que dichos bienes habían de andar siempre unidos e incorporados en forma de vínculo, sin que de ellos se desmembrase cosa alguna, ni vender, trocar, enajenar, ni aforar, sino siempre perpetuamente unidos sin disminuirla en ninguna manera …"*

No mesmo lugar de Brenlla existe outra casa, que no seu momento foi unha casa-torre pertencente á casa de Vinculeiro e que tivo un teito a catro augas que xa non conserva, pero si as fiestras con parladoiros no seu interior e un hórreo de construción moi antiga con seis pares de pés que xa estaba mencionado en documentos do ano 1866 "*El horreo de piedra de curar maíz que se halla colocado al poniente de la casa referida de la Torre*".

Coa desaparición do vínculo, a mediados do S. XIX e tralos sucesivos repartos de bens entre os descendentes da casa, o primeiro no 1866, o patrimonio da casa foi minguando dando orixe ás demais casas do lugar.

O apelido desta casa sempre foi "Andrade", dende o século XV ata hoxe, nela naceron varios eclesiásticos como Ignacio de Andrade Rioboo en 1675 que foi catedrático de Filosofía e Abade de Santa María de Conxo, en Santiago de Compostela; Juan de Andrade, que foi o fundador do vínculo e cura de Couso e Ferreira; e Martín de Andrade Romero Figueroa, tamén cura de Couso, Ferreira e Ardaña.

No eido das lendas, dise que esta familia descende dos mouros do castro do Vilar xa que unha dona da casa ía a levarlle de comer ao último habitante do castro e quedou embarazada del e que por iso os descendentes desta casa teñen rasgos físicos semellantes aos dos mouros; tamén se dicía que antigamente ían á misa a Ferreira sen pisar propiedade que non fose súa



Unha moi interesante casa de pedra,en Brenlla

PARADA 3: CURRÁS DE ABAIXO

Desde a casa de Núñez en Brenlla, trasladámonos pola estrada a Currás de Abaixo. Neste lugar faremos unha parada para visitar unha casa da aldea, a da familia Velo, para observar un relevo en pedra que representa unha escena do Purgatorio, na que vemos unha imaxe da Virxe do Carme pousada sobre unha columna, cos brazos abertos. Das mans pendúranlle dous escapularios, e debaixo de cada un aparece cadansúa figura humana feminina, que emerxe da chamas do inferno.

Este relevo, segundo información dos donos da casa, procede da antiga capela de San Amaro que había en Brenlla.

Preto de Currás, situada nun lugar máis alto, atópase a igrexa parroquial de San Miguel de Couso, un templo de nova construción, levantado a comezos do século XX, cando era párroco Benito Domínguez Piñeiro. Unha construción en cantería, feita segundo información veciñal, por canteiros de Pontevedra.

Nos muros laterais sobresaen a media altura os contrafortes que soportan a carga dos arcos faixóns sobre os que se asenta a bóveda. Estes muros laterais están recebados e pintados de branco, ao contrario da fachada que ten cantería á vista. Nesta ábrese unha porta rematada en arco de medio punto e sobre ela sitúase unha pequena fornela que acolle unha imaxe do patrón. A cada lado da porte hai unha abertura de menor tamaño, pero da mesma forma que aquela. Sobre elas ábrense dúas fiestras tamén da mesma feitura. O campanario de cemento, rompe esta harmonía da fachada. No seu interior destaca a imaxe do patrón, San Miguel.

No campo que hai na parte posterior da igrexa vemos un fermoso cruceiro, posiblemente da época da construción do templo.



Escena do Purgatorio na casa da familia Velo en Curras de Abaixo procedente da capela do San Amaro de Brenlla

PARADA 4: A TORRE DE NOGUEIRA

A Torre de Nogueira é o exemplo máis representativo da arquitectura civil baixomedieval do concello de Coristanco e un dos poucos que se conservan na comarca. Foi, xunto coa Torre de A Penela, en Silvarredonda, e a de O Viso, en Montemaior, un dos puntos de referencia da xurisdición medieval dos Bermúdez de Castro. Inicialmente a construción tivo un carácter eminentemente defensivo, máis co paso dos séculos pasou a converterse nun pazo que funcionou como centro de administración dos bens que nobres foráneos tiñan nas terras bergantiñás.

Na actualidade só se conserva unha das dúas torres que existiron no pasado e un anaco do que foi a vivenda. A fábrica da vivenda e fundamentalmente de cachotería cunha tonalidade escura que se combina con cantería para os esquinais e para os marcos de portas e fiestras, está semisoterrada pola parte posterior de forma tal que a planta alta está a nivel co terreo, conta con tres fiestras na planta alta da fachada principal, unha delas oculta pola Torre, e na planta baixa atópase a fermosa porta principal con arco de medio punto sobre canzorros graníticos



Parte frontal da Torre de Nogueira e da casa anexa



Parte traseira da Torre de Nogueira e da casa anexa coa garita

O edificio da torre está situado diante da fachada principal da vivenda, ocultándoa en parte, e disposta con respecto a esta constituíndo unha planta en forma de "L"; dispón de planta baixa e dous pisos altos, con teito a catro augas de tella do país.

Está realizada integramente con sillería de granito e dispón duns muros de case un metro de grosor. Destacan as ventás dos pisos altos con arcos de medio punto e grandes doelas de granito ao seu redor e no interior contan con fermosos "parladoiros" de pedra; tamén dispón dunha garita defensiva no muro Sur e "troneiras" baixo as fiestras que nos lembran o carácter defensivo que inicialmente tivo esta construción. Tamén dispuxo de ameas que se perderon cando deixou de ter o carácter defensivo e se converteu en pazo.

Aló polos anos sesenta do século pasado desapareceron, xunto cos xardíns e paseos de pedra que había no interior da muralla, a capela dedicada a San Roque e parte da vivenda que foi alleada polos últimos donos a uns veciños do lugar.

Existen dous escudos na fachada da Torre e outros dous na casa. O escudo principal, na fachada da torre, está dividido en catro cadrantes nos que se adiviña a cabeza de lobo dos Moscoso, o xadrez dos Bermúdez, as cinco follas de figueira en aspa dos Figueroa e a torre envolta en silvas dos Riobóo.No antepeito da fiestra principal da Torre repítese o escudo dos Bermúdez e na fachada da vivenda, a ámbolos dous lados da fiestra central, aparecen outros dous escudos que presentan de novo as armas dos Bermúdez e os seis roeis dos Castro, así como outros símbolos heráldicos difíciles de interpretar





Escudos na torre de Nogueira



Os dous escudos da fachada da casa



O Señorío de Nogueira e o seu "couto redondo", que ocupaba o 45% da parroquia de Seavia, ten a súa orixe nas concesións que fixeron os abades do mosteiro de Seavia á familia Bermúdez de Montaos, que pasaron a denominarse "Bermúdez de Castro" cando aló polo século XV, Pedro Bermúdez de Montaos, señor de A Penela, obrigou ao seu futuro xenro Fernando de Castro a adoptar en primeiro lugar o apelido da súa dona, filla de aquel magnate, Inés Bermúdez de Montaos.

A casa de Nogueira permaneceu en mans dos Bermúdez de Castro ata que no século XVII unha dona desta casa casou cun nobre aragonés apelidado Bardaxí e Alagón, de alta alcurnia, e tiveron por fillo a Martín de Bardaxí Bermúdez de Castro Parga e Alagón, que entre os seus moitos títulos nobiliarios foi Señor da Torre e Val de Nogueira e Marqués de Cañizar.

Despois de que os donos de Nogueira pasasen á formar parte da alta nobreza, desvincúlanse totalmente do couto e da casa e pasan a residir fóra de Galicia; e a casa e Torre perden o carácter defensivo e pasan a converterse nun pazo ("Se ten pombal, capela e ciprés, pazo é") onde residirían esporadicamente os administradores no tempo de recadar as rendas de Bergantiños, que enviaban logo ao seu señor madrileño.

Consérvense na casa manuscritos de contabilidade do século XVII e XVIII, onde se recollen curiosos datos de gastos, arranxos e cobros de rendas en trigo, manteiga, galiñas…

O último señor de Nogueira membro da alta nobreza foi Luis Rebolledo de Palafox Melzi Bermúdez de Castro Bardaxí Eril Borja Moncayo e Figueroa de Velasco Ossorio Espes Gurrea Marta e Urríes, nacido en Zaragoza o 2 de xuño de 1772, Marqués de Lazán, de Cañizar, de Navarrés, de San Felices de Aragón e Señor da Casa Forte de Nogueira (entre outros moitos títulos nobiliarios), que vendeu o couto de Nogueira, coa casa e Torre, no ano 1847, a José María Maya e Barrera, un eminente xurisconsulto residente na Coruña, fundador da "Revista xurídica e administrativa de Galicia" aló polo ano 1842.

Fermosa porta de entrada á casa anexa da torre



O novo dono da torre de Nogueira e do seu amplo patrimonio circundante casou con María de los Dolores López de Lago, de quen tivo a Ricardo Maya e López de Lago, que tamén pertenceu á carreira xudicial e que estivo casado con Pilar Cano-Manuel e Luque, de familia aragonesa, pais da última señora de Nogueira Pilar Maya e Cano-Manuel, que ao seu pasamento, en 1941, deixou todos os seus bens aos Pais Redentoristas da Coruña e Burgos, coa condición de que dedicasen a casa de Nogueira para a formación das novas vocacións.

Foi así como chegaron, nos anos corenta do século XX, os frades Redentoristas a Nogueira, coa fin de administrar o extenso patrimonio legado, pero que, en contra do que fora a vontade das donantes, se dedicaron a vender todas as propiedades aos caseiros de Nogueira e A Rabadeira, máis de vinte lugares acasarados só no couto de Nogueira e a finca "Santa Ana" próxima a casa, que ten máis de 100 hectáreas, que mercou no ano 2000 unha empresa forestal. Tamén a casa e a Torre, foron vendidas polos frades no 1959 a Manuel Rabuñal Novoa e a súa dona, a cuxos descendentes pertence na actualidade.

<u>Algunhas curiosidades de Nogueira</u>

- **A superficie do Couto de Nogueira sería de aproximadamente 1000 hectáreas, (uns 19.000 ferrados en Coristanco), e estaba composto polos lugares de Nogueira, Rabadeira, Campelo, parte de Pereiras e Salgueiras.**

Na finca "Santa Ana", entre as parroquias de Seavia e Couso, existiu, ata a primeira década do século XX, unha capela dedicada a esta Santa, na que se celebraba unha concorrida romería. Despois a capela trasladouse a Rabadeira, ao carón da estrada.

Fernando de Castro, no seu testamento feito en Ourense o 20 de setembro de 1481 sinalou o seguinte:"*…sepan cuantos vieren (…) que yo, D. Fernando de Castro, que ahora me nombro, D. Pedro Bermudez de Castro, después de la muerte e fallecimiento del muy magnífico e noble señor D. Pedro Bermúdez, (…), cuando traté e concerté de me casar con doña Inés de Rioboo e Bermúdez, mi muger e su hija, señor que soy de La Penela e de la casa e Valle de Nogueira, e de otros heredamientos e de cotos e casares, en este Reyno de Galicia, etc…".*

Nun documento de 1770 que se conserva na Torre de Nogueira o administrador do Marqués de Cañizar anotou o cobro de rendas daquel ano, 2.325 ferrados de trigo (32.550 kg), aparte dunhas 134 galiñas, 14 cuartillos de manteiga e dous carneiros.

As señoras de Nogueira (cara 1940), cando pasaban o verán en Nogueira, aínda ollaban dende os "parladoiros" das fiestras da Torre como os labregos traballaban as súas terras e ían a misa a Seavia nunha carruaxe de cabalos que desapareceu hai poucos anos.

Facendo función de pé da pía da auga bendita na capela de San Roque da Torre de Nogueira atopouse unha ara romana, do século I, dedicada ao deus indíxena COSO, e que agora se garda na casa dun veciño de Nogueira. Tería a seguinte inscrición

COSO
O E N A E
CO
C I I V E S
N E P O S
EX: VOTO



Ara romana e capitel da capela de san Roque en Nogueira (foto xentileza de D. José Pumar)

PARADA 5: A IGREXA DE SAN MAMEDE DE SEAVIA

Cada lugar de culto cristián asentou neste ou naqueloutro lugar por motivacións diversas. Un culto precristián, unhas pedras ou sartegos antropomorfos ou unha devoción de calquera das nosas aldeas.



Vista xeral da igrexa parroquial de Seavia e da fonte

A inscrición "presbiter Unimirus" desaparecida polos anos 1950, lévanos ao tempo dos suevos (ss. VI-VII). O feito de que mozárabes viñeran refuxiarse a Seavia (s.IX) amosa unha florecente vida monacal, que seguiría as normas establecidas por San Froitoso de Braga (s.VIII).

A decadencia veu no medievo, tanta, que obrigou aos Reis Católicos, con refrendo da xerarquía eclesiástica, anexionar o mosteiro de Seavia á abadía benedictina de San Paio de Antealtares, en Compostela.

Foi no ano 1499. Esta anexión rematou en 1835, coa exclaustración. Sirva o devandito para configurar o que imos dicir sobre a igrexa actual de Seavia. Importantes datos témolos na visita que para a "Exposición Regional Gallega" do ano 1909, fixeron recoñecidos expertos a Seavia e outras freguesías, así como nas notas que o párroco don Santiago Abuelo deixou sobre as obras da igrexa de Seavia feitas nos anos 1910 e 1911.




Vista do cruceiro que hai na parte alta da praza da igrexa

Á vista destes informes temos:

1.- Había en Seavia unha igrexa románica, de tres naves. A catedral de Santiago estendeu o seu estilo nos séculos XIII e XIV polo mundo rural. Mestres de obras, canteiros que traballaran en Compostela, fixeron a meirande parte das igrexas das nosas parroquias. Dominou o románico en toda a diocese.

Naquela igrexa empezaron a engadirlle aditamentos. Era moi baixa nas paredes laterais. Da primitiva fábrica quedaban grosas columnas que, á xuízo do Sr. Abuelo, impedían a visión e reducían o espazo para o fieis.





Basas de columnas e capiteis de inspiración románica

Pensamos que esas columnas serían feixes delas tal como vemos na catedral, coroadas por capiteis románicos, como dirían os visitadores do 1909. Tendo en conta os datos que estes aportan cabe concluír que o arco peraltado que os sorprende no presbiterio, poida que sexa un vestixio do prerrománico, concretamente da arte asturiana. Concorda isto coas notas históricas anteditas.

As tres naves que eles estiman que tiña a igrexa primitiva, tiñan fortes columnas pois estaban chamadas a recibiren unha bóveda de pedra, que non se construíu, pois non quedou rastro dela, nin se autorizaría a súa demolición. Había un tellado, mal coidado, consecuencia da decadencia do mosteiro.

Para facer a igrexa actual a pedra veu da canteira de Vilameán, na mesma parroquia, e, nos seus comezos, a igrexa tiña chan de terra, coma moitas cociñas do noso rural galego.

Daquelas tres naves coido que teremos un sinal nos machóns que poden verse no interior da fachada que hai hoxe. Esta fachada viría a substituír a orixinal románica, que cubría a fronte das tres naves.

Hai, pois, unha fachada das coñecidas como "de pantalla". Así son as das colexiatas de Iria e Baiona. En Seavia, patrocinaría esta obra o mosteiro de Antealtares.

D. Santiago Abuelo, para gañar anchura, incluíu na igrexa a torre, que estaba adosada. Tamén gañaría longura, pois, se as sancristías que había estaban detrás do presbiterio, estas desapareceron en favor do templo.

Salientemos que o Sr. Abuelo deixounos un relatorio moi respectuoso coa obra que había e modestamente titula a que el fixo "Memoria de las obras efectuadas en la iglesia de S. Mamed de Seavia en los años 1910 y 1911". Podería titular "Obra de la nueva iglesia".





Os dous retablos laterías da igrexa parroquial de Seavia



Imaxe que representa o bautismo de Xesús no Xordán

2**. Don Santiago quere facer unha igrexa que aproveite mellor o espazo dispoñible. Recolle todas as pezas románicas que atope e fará outras semellantes (hoxe de non fácil diferenciación) que se integrarán na nova obra. Aproveitará tamén a fachada (s. XVII) e a torre (s. XIX).**
O párroco Rodríguez Carballo (s. XX) completará a bóveda e abrirá o muro sur para facer a sancristía.

. 3. A unión de casa rectoral e igrexa, en Seavia, lembra o pasado monacal. Esta conxunción témola en Sobrado, Oseira e no mesmo Caión, Todos foron cenobios galegos.

Había en Seavia un acceso á igrexa desde o sobrado da reitoral. Esta entrada lévanos á tribuna. Algo así vémolo en pazos e mosteiros. Os señores, os monxes de clausura non estaban mesturados co pobo. Así, en Vilar de Francos, Antealtares e en novelas de Valle Inclán

Polos anos 1950 a entrada da reitoral á igrexa fíxose desde o chan da casa.

4. Traballaron na obra canteiros de Pontevedra. Foi dirixida polo culto sacerdote, párroco de Razo, don Benigno Cortés García, que fora alumno de López Ferreiro e Oviedo Arce. O arcebispado deu todas as autorizacións requeridas. Colaborou o pobo, as confrarías e as achegas do propio Abuelo Lado.

Quen contemple a obra resultante, poida que experimente unha decepción. Sobre todo se chega a Seavia, polo nacente e observa o grandioso rosetón románico que aparece no que sería a ábsida da igrexa.

No interior nada hai que confirme esa impresión primeira. Hai columnas que teñen capiteis románicos, pero non teñen a esperada base. Van arrimadas aos contrafortes que as protexen. Polo tanto son máis ben ornamento barroco, non teñen a función propia da arquitectura de arco. Mais, se temos en conta outras consideracións podemos valorar con máis xustiza a obra que temos á vista.

Buscábase a utilidade cultual, poder acoller a todo o pobo dunha parroquia en franca expansión. Isto fixo preciso que se levantasen poderosos contrafortes que, no interior, dan lugar a pequenas naves laterais e sobre elas unha bóveda que deixa paso á luz das fiestras. O resultado é un enxeñoso traballo que recorda os estudos que López Ferreiro e Leirós Fernández fixeron, respectivamente, sobre os triforios das catedrais de Santiago e Ourense



Placa que rememora aos autores da reforma realizada en 1911

Houbo un erro na medida da obra actual ao galgaren o asentamento das paredes laterais. Un pequeno desvío que fai que o centro da porta grande non vaia ao centro do retablo, e que a cruz que preside a fachada estea algo descentrada.

Coido que sería erro do mestre da obra, ausente don Benigno Cortés, que despois xa non merecía ser reparado.

5. O Plan Proder (2002) supuxo unha importante restauración.

Retirouse o bombillismo que, desde mediados do s. XX afeaba o retablo maior. Púxose solado con pedra de cantaría galega, respectouse o caleado exterior e pintouse de branco o interior, pois tiña un gris imitando cantaría.

Cómpre subliñar estas melloras porque na catedral de Santiago, obra románica, desbotaron o solado orixinal de pedra. Isto foi causado polas dúas ocasións nas que se fixeron exploracións no subsolo, e, nas dúas ocasións recubriron con mármore. Primeiro un axadrezado, agora un mármore de cor abrancazada.

Rexe, así mesmo, nos tempos que andamos, o endémico costume do desencalado das paredes das igrexas, tabernas, muíños ... Pero cada obra é filla do seu tempo ten a súa identidade e a restauración non debe cambiala. Acertou nisto tamén o Plan Proder.

Se falamos de escultura, temos en Seavia o retablo maior de 1930. Ecléctico. Souberon poñer un rosetón mesmo fronte ao da obra de fábrica. Os laterais son posteriores, imitantes do maior. Todos de obradoiros composteláns.

En alfaias, salientamos a custodia e o cáliz que estiveron expostos en Santiago no 1909 e no Xacobeo do 99.

A fonte do Carme, gótica historicista, é de comezos do século XX. A auga vén por unha traída subterránea desde o seu nacemento, preto do cruceiro do Campo das Procesións.



Altar maior da igrexa de Seavia

PARADA 6: O MUSEO DE ASUNCIÓN ANTELO

No lugar de Segufe, da parroquia de Seavia, atópase este pequeno museo construído por Asunción Antelo e a súa familia dentro da eira da súa casa, para acoller a obra que esta artista bergantiñá elaborou ao longo da súa vida. Mais a súa obra tamén se estende pola parte exterior do curral, e incluso polo interior da súa vivenda.

Asunción Antelo, que en agosto pasado cumpriu 95 anos, descubriu as súas aptitudes creativas e artísticas tardiamente, porque antes ocupaba todo o seu tempo no traballo da terra e nos labores da casa. O primeiro material co que experimentou os seus dotes artísticos foi co barro, cara ao ano 1974. Facíase con este material nunha leira da súa propiedade e traballouno seguindo un proceso arcaico. Despois de amasado e darlle forma cocíao na súa propia lareira. Con esa materia prima modelou figuras de moi diverso tipo: animais, persoeiros da vida política e cultural de Galicia, escenas da vida rural, e incluso, unha maqueta da súa parroquia nun día de romaría.



Máis tarde, despois da súa recuperación da enfermidade, comeza a experimentar o traballo con pedra e con madeira. Cando nas súas camiñadas polos arredores do lugar atopaba algunha pedra que tivera unha calidade axeitada para poder ser traballada, ía buscala na súa carreta e logo no seu pallote, dáballe forma ao poucos, utilizando tan só cicel e martelo. Así construíu a fonte de par da súa casa, e esculpiu figuras de animais, escudos, letreiros ou o monolito dedicado ao seu cuñado morto na guerra civil.

En madeira traballou sobre todo cachopas de toxo, carballo, castiñeiro, espiño, uces ou bieiteiro que atopaba cando ía ao monte ou pasaba por algún camiño. A cada unha buscáballe a forma figurativa dun ser real ou fantástico. Así do seu maxín saíron animais, figuras humanas ou seres fantásticos, todos eles cunha grande expresividade.

Esta artista tamén quixo deixar por escrito as composicións literarias que lle ditaba a súa imaxinación. Aproveitou durante a estadía na cama por mor da súa enfermidade para compoñer os seus poemas, que máis tarde se recollerán no libro *Páxinas da rexubeira de Bergantiños*. Nunha linguaxe e verso popular fálanos do mundo da aldea, de amoríos, da emigración ou de Rosalía, Pondal ou Bóveda . Tamén nos deixou unha obra en prosa *As penurias dun amor*, unha pequena historia sentimental.





A polifacética artista Asunción Antelo (arriba) e detalles do seu pequeno pero moi entrañable museo

En abril de 1998, Asunción viu cumprido un dos seus maiores soños cando se inaugura o pequeno museo no que poderá expoñer ao público a meirande parte da súa obra, que amosa dun xeito desinteresado a calquera que se achegase a súa casa. Pois a forza interior que a moveu a desenvolver tanta actividade baséase en valores tan nobres como a conservación do mundo rural galego, a amizade ou o sentido de servizo ao demais, e afástase dos intereses económicos. Ela séntese orgullosa e satisfeita do seu traballo e está sempre disposta a explicar a súa obra e contar as súas experiencias vividas.

BIBLIOGRAFÍA

BASCUAS, E.: *Hidronimia y léxico de origen paleoeuropeo en Galicia,* Edicións do Castro, Sada. 2006

CABEZA QUILES, F. (1992): *Os nomes de lugar*; Edicións Xerais, Vigo.

CABEZA QUILES, F. (2OOO): *Os nomes da terra*; Editorial Toxosoutos, Noia.

CABEZA QUILES, F. (2008): *Toponimia de Galicia*; Editorial Galaxia, Vigo.

CABEZA QUILES, F. (2014): *A toponimia celta de Galicia*; Editorial Toxosoutos, Noia.

CARRÉ ALDAO, E. (1980): *Geografía del Reino de Galicia. Provincia de La Coruña (ca.1928)*; vol. VI, t. 3º; A Coruña, edición de 1980.

DOMÍNGUEZ RIAL, E. e GARCIA FERNÁNDEZ, L.: *Coristanco: unha visión retrospectiva e de futuro*, Inédito.

FERNÁNDEZ CARRERA, X.X. (2001): *Descubre a comarca de Bergantiños*; Editorial Xaniño, A Coruña.

FERNÁNDEZ CARRERA, X. X. e RIAL LEMA, Mª.R. (1997) : *A cultura popular en Coristanco*; Concello de Coristanco.

HOYO , J. Del (1952): *Memorias del Arzobispado de Santiago (1607)*; Porto Editores, Santiago.

INSTITUTO GEOGRÁFICO NACIONAL : Mapa Topográfico Nacional, 1:25000. Follas 69-I Agualada e 44-III Carballo (1989).

INSTITUTO GEOLÓGICO Y MINERO DE ESPAÑA: Mapa Geológico de España 1:200000 Folla 7 Santiago de Compostela. Ministerio de Industria y Energía (1989).

LEIRO, A. , DAPORTA, M. e CAAMAÑO RIVAS, V. M. : Espazos Naturais. Provincia da Coruña. A Nosa Terra (2003).

MACÍAS VÁZQUEZ, F. , CALVO DE ANTA, R.: Suelos de la provincia de La Coruña. Deputación Provincial (1992).

MADOZ, P. (1845-1850): *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de ultramar*; Madrid.

PRECEDO LEDO, A.: Mapa das Parroquias de Galicia. Xunta de Galicia (2001)

PUMAR GÁNDARA, X. (2012): *Viaxe polo corazón de Bergantiños*; edicións Embora.

RABUÑAL ANDRADE, M.: "Apuntes sobre a historia do señorío de Nogueira (Inédito)

REXISTRO CIVIL DE CORISTANCO

PÁXINAS WEB

http://www.finisterrae.org laguna de alcaián

http://info.igme.es/cartografia/magna50 hoja 69-Santa Comba

http:/www.ine.es

IMPRIME:

Deputación
DA CORUÑA

COLABORA:

CONCELLO
DE
CORISTANCO

EDITA:

INSTITUTO DE ESTUDOS BERGANTIÑÁNS

INSTITUTO DE
ESTUDOS
BERGANTIÑÁNS